

S

abías que... ?

Sabías que...?

O **artigo 25 e 42** son de máxima importancia á hora de intervir sobre menores ou persoas legalmente incapacitadas?

Sabías que...?

Se vas atender a **menores de 16 anos** ou persoas **incapacitadas legalmente**, debes requirir á persoa solicitante que **informe** o outro/a proxenitor ou titor/a legal. Solicítalle a sinatura dun documento de **compromiso de información**, onde se comprometa a comunicarllo á outra parte.

En caso de que a parte informada **non consinta**, mostrándoches a súa oposición, de modo verbal ou por escrito etc., **non poderás intervir**, a non ser que desde o xulgado o autoricen.

Sabías que...?

Cando un ou unha **menor de entre 12 e 16 anos** acode a consulta psicolóxica, ten **dereito a ser escoitado/a**; e ademais, se tras unha adecuada valoración da súa madurez para tomar decisións atendendo e entendendo as consecuencias e posibles riscos das mesmas, se lle considerase **suficientemente maduro**, **pode tomar decisións propias**.

Ademais, cando xa é **maior de 16 anos**, considérase que cumpriu a **maioría de idade sanitaria**, polo que é **autónomo/a para a toma de decisións** sempre que diso non se derive grave risco para a saúde.

Podes atopar as referencias na Lei 41/2002 de Autonomía do Paciente, que foi reformada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Sabías que...?

Se unha vítima de **violencia de xénero** che solicita que atendas os seus fillos ou fillas menores de 16 anos, debes pedirlle que informe a **outro proxenitor**? **Non necesita o seu consentimento**, pero dado que, na maior parte dos casos seguen tendo a patria potestade compartida dos fillos/fillas (cousa diferente é a custodia), **debe estar informado**.

Se ela non quere facelo persoalmente ou non pode porque teñen orde de afastamento, pode realizar a xestión o seu representante legal.

Así protéxela a ela, ás e aos menores, respectas os dereitos do proxenitor e garantes o cumprimento das leis actuais e do teu código deontolóxico. Para máis información podes consultar o Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (disposición final 2ª).

Sabías que...?

Ambos proxenitores, independentemente de quen solicitara a intervención ou a valoración dun menor de 16 anos, **teñen dereito a coñecer a evolución ou resultado** da valoración realizada; entendendo que o ou a profesional poderá limitar a información para non comprometer a relación terapéutica ou se disto puidese derivarse un prexuízo para o/a menor.